

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, José Manuel Gallego Lomba e José Antonio Sánchez Bugallo, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Segundo o propio rexistro de demandantes da Xunta de Galicia, a cidade de Vigo representa o 34 % das necesidades de vivendas dalgún tipo de protección oficial en Galicia, nas súas distintas variantes (de promoción pública, en réxime especial, en réxime concertado, etc.), o que vén a indicar que algo máis dunha de cada tres familias con necesidades de vivenda están no máis poboado concello galego. Así as necesidades se cuantifican para Vigo en 5.200 vivendas, dun total de algo máis de 15.000 para Galicia.

A maior parte destas necesidades, case que o 50 % do total, corresponden a vivendas de promoción pública en réxime de alugueiro, cuxo impulso e competencia debe corresponder fundamentalmente ao Goberno galego.

Pero a inacción e a desidia da Xunta de Galicia, que ten as competencias plenas nesta materia, é evidente. Durante os últimos seis anos - os que corresponden ao Goberno Feijoo -, non se promoveu ningunha actuación neste sentido, xa que non se levou a efecto a licitación de ningunha vivenda de promoción pública en Vigo.

Se racha deste xeito cunha forma de actuación que - en maior ou menor medida - si se habían acometido e realizado por todos os gobernos anteriores da Xunta de Galicia.

Incluso o planeamento comprometido no concello vigués para a segunda fase do polígono de Navia está paralizado por parte do Goberno autonómico; e transcorridos xa catro anos, nin se ten finalizado o correspondente documento de planeamento.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. Cales son os motivos da falla de actuación para a promoción de vivendas públicas por parte da Xunta de Galicia en Vigo durante os últimos seis anos?
2. Por que non se levou a cabo a licitación de ningunha vivenda durante o período indicado?
3. Como pensa o Goberno galego corrixir tal situación?
4. Cales son os plans de futuro que neste sentido contempla a Xunta de Galicia?
5. En que prazos e con que volume de dotacións?

Pazo do Parlamento, 28 de xaneiro de 2015

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Gallego Lomba
José Antonio Sánchez Bugallo
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/01/2015 17:18:24

José Manuel Gallego Lomba na data 28/01/2015 17:18:30

José Antonio Sánchez Bugallo na data 28/01/2015 17:18:36